

- 1 R. M. Unha vaca e un golfiño parécense en que os dous son animais mamíferos. Un golfiño, aínda que viva no mar, non é un peixe, senón que é un mamífero mariño. Coma todos os animais vertebrados, os dous teñen un esqueleto interno e o corpo dividido en cabeza, tronco e rabo. No caso da vaca, do tronco saen patas, que son as súas extremidades, e no caso do golfiño, saen aletas, porque a vaca desprázase pola terra e o golfiño polo mar. Coma todos os animais, os dous realizan a función de nutrición, de relación e de reprodución.
- 2 R. M. Recoñécense as raíces que están enterradas na terra, o talo, que é brando e flexible, as follas e as flores. Para vivir, este ser vivo necesita encontrarse nunhas cir-

alimento a través da fotosíntese, para o que precisa auga, sales minerais, dióxido de carbono e luz. O proceso da alimentación das plantas consiste en que as raíces absorben auga e sales minerais da terra, que circulan polo talo ata as follas, onde se realiza a fotosíntese grazas á luz do Sol que atrapan e ao dióxido de carbono. Deste xeito, o zume bruto transfórmase en zume elaborado, que é o alimento da planta.

- 3 R. M. A fotografía A é un polbo, que é un animal invertebrado, é dicir, sen espiña dorsal, un molusco mariño. O polbo ten o corpo brando e non o ten protexido por ningún cacho nin cuberta. A fotografía B é unha flor que é unha parte dunha planta, necesaria para que se produza a reprodución sexual.